- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Contidos
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	WATCH;LISTEN AND PLAY	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	50
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias comunicativas e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar e contrastar información.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles, acorde ao seu nivel	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais,

Contidos

- escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os seis módulos do Student's Book comezan cunha páxina introdutoria que presenta un novo tema mediante fotos e un elemento dixital, ademais de describir brevemente os obxectivos do módulo e o proxecto ao que conduce. Os módulos divídense en tres seccións. As dúas primeiras seccións desenvólvense até chegar a unha actividade que subministra a linguaxe e a información necesaria para levar a cabo unha tarefa comunicativa, a miúdo con mediación. A terceira sección presenta máis linguaxe e ofrece oportunidades de interacción a través da produción de tarefas orais e escritas. Submístranse dous textos por módulo, baseados en material auténtico. Tamén se presentan tres grupos de vocabulario temático contextualizado en cada módulo que subministran oportunidades engadidas da lectura e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nos propios módulos, subministrando unha maneira natural de salientar unha ampla gama de habilidades para a vida, como o pensamento crítico, a reflexión, as habilidades dixitais e aprender a aprender, xunto coas competencias lingüísticas.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto real tanto no oral como no escrito. Ao final do libro está a sección The Grammar Lab, que contén cadros gramaticais presentados de maneira clara e tamén exercicios engadidos para practicar e ampliar contidos.

Tamén se subministran unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada módulo inclúe un vídeo con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades engadidas de comprensión e expresión oral en todos os módulos que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicarse de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados módulo a módulo para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

Os proxectos colaborativos ou as situacións de aprendizaxe atópanse ao final de cada módulo e, a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación, sociais e de mediación. O proxecto pode realizarse en papel ou en formato dixital e submístrase unha guía paso a paso para cada unha destas opcións. Todos os proxectos, así como todas as tarefas do Student's Book, inclúen criterios para permitir a avaliación entre alumnos/as.

Digital Options atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas (consulta a páxina xiv).

Tamén hai tres seccións de repaso no Student's Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática, unha páxina para pór en práctica as habilidades adquiridas e unha páxina de literatura.

A sección Reading Options, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparece ao final do Student's Book. Nela relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) e introdúcese aos estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo de fala inglesa e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo que presenta contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
EDIXGAL
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas
Recursos audiovisuais auténticos

Recursos DUA

EDIXGAL.

Materials variados analóxicos e dixitais adaptándose as necesidades da diversidade do alumnado, DUA e con enfoque comunicativo e comprensivo.

Fichas proporcionadas pola profesora ou explicacións que se consideren necesarias para completar o material proposto de webs especializadas no ensino do inglés de dominio público o con licenza creative common.

Libro de referencia Opstions 3 Ed. Burlington

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A observación do alumno será un procedemento esencial nas actividades que se propoñan durante as primeiras sesións. Consideramos importante recoñecer as necesidades que poidan ter os nosos alumnos. A este respecto, faremos uso do Teacher's All in one pack da Editorial Burlington All in One Pack que contén:

- un pre-test (exame de diagnóstico) para diagnosticar as necesidades dos alumnos/as e cinco páxinas con exercicios de repaso para poder elixir o material fotocopiábel adecuado a cada un.

Tamén se procederá a avaliación do nivel xeral do grupo a través dos seguintes procedementos:

- Observación na clase, especialmente da produción e comprensión oral (listening e speaking)

- Autoavaliación, en forma de cuestionario, sobre estilos de aprendizaxe, destrezas destacadas e aspectos a mellorar

De seren precisas medidas individuais ou colectivas a adoptar (só se adoptarán se son necesarias) como consecuencia dos resultados da avaliación inicial, decidiríanse atendendo ao perfil da alumnado concernido e aparecerían reflectidas nas actas correspondentes do Departamento de inglés. Podería incluír reforzos contemplados no apartado de medidas de atención á diversidade como a realización de actividades de repaso individuais ou colectivas

Mecanismo para informar ás familias: a través dos titores de cada grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	15	17	15	17	15	17	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Recuperacións: Non hai recuperacións por tratarse dunha materia de contidos progresivos e polo tanto a avaliación nesta materia é continuada. A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2):

Listening 10%

Reading 10%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3):

speaking 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5):

writing 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. COÑECEMENTO DA LINGUA

Grammar and vocabulary 50%

5. TRABALLO DIARIO

Actividades, exercicios e traballos propostos entregados en prazo.

Interacción (CA1.6 + CA1.7): 0.25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Mediación (CA1.8 + CA1.9): 0.25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 0.25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Interculturalidade (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 0.25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obtense calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearase a partir de 0,75.

Criterios de recuperación:

a avaliación será continua e, polo tanto, NON haberá recuperacións. Se o alumnado suspende unha das avaliacións, recupérase aprobando as seguintes, xa que en todas as probas inclúense contidos das avaliacións anteriores, con calificación de 5 ou superior a 5.

No caso de tratarse da avaliación final, o alumnado igualmente sería avaliado como suspenso e tería que recuperar a materia na avaliación extraordinaria.

O alumnado que acade unha nota media das tres avaliacións de 5 ou máis puntos terá a materia aprobada. A nota final calcularase de acordo aos criterios mencionados no punto anterior.

Para aprobar a materia é necesario que o resultado sexa como mínimo 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Finalmente, unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño, realizando unha proba final de coñecemento da lingua, comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 20%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

COÑECEMENTO DA LINGUA 70%

Grammar and vocabulary

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. Medidas de atención á diversidade

Teremos en conta a diversidade existente nas aulas en canto ao nivel de coñecementos e ao grao de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos/as. Como punto de partida tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

. A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Consideramos este aspecto tanto na investigación inicial coma en todo o desenvolvemento do curso, segundo se manifesta nas actividades do Student's Book e do Workbook, ao incluír un repaso continuo de estruturas e de vocabulario. Ambos os dous ofrecen tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as. Por outra banda, o Teacher's All-in-One Pack inclúe amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e á vez, material de ampliación para os de nivel máis avanzado. Con este conxunto de material fotocopiábel ao noso alcance, podemos elixir e adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a.

. A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese até ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven.

No noso curso tivemos en conta, tanto este factor coma as diferenzas no ambiente sociocultural do que proceden os alumnos/as, xa que todo iso inflúe notabelmente no nivel das súas motivacións individuais e tamén na forma máis lóxica e funcional de presentarlles os contidos. Para seleccionar os temas incluídos neste curso, realizamos unha ampla investigación, abarcando o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, pero tamén o propio punto de vista dos alumnos/as, para adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna. Seleccionamos temas que fan posíbel a implicación emocional dos alumnos/as, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta e lles interesa, a resposta ante o estímulo está asegurada.

. Os estilos de aprendizaxe

Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo toda clase de análises sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Algún alumno/a pode reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outro/a pode traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas, poderemos elixir táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática punto por punto, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe, deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, paraue sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

Ademais, no Workbook podemos elixir diversos tipos de reforzo individualizado: táboas, encrucillados e exercicios para os alumnos/as máis analíticos, e moita e variada práctica para os máis impulsivos.

. Os intereses dos alumnos/as

Está comprobado que os intereses dos alumnos/as se diversifican moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría.

Ademais, levouse a cabo unha coidadosa selección de funcións, co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter conversacións informais entre a mocidade, escribir correos electrónicos, entender a xente da súa idade doutros países, etc.

Para rematar, consideramos importan, non só que poida recoñecer o tipo de diversidade que ten nunha determinada clase, senón tamén que a poida prever. A este respecto, atopamos unha importante axuda no Teacher's All-in-One Pack, que contén:

- un pre-test para diagnosticar as necesidades dos alumnos/as e cinco páxinas con exercicios de repaso para poder elixir o material fotocopiábel adecuado a cada un

As seccións Reading, Vocabulary, Grammar e Language Consolidation do Student's Book teñen en conta os catro ámbitos de diversidade anteriormente citados, tratándoa dunha forma graduada e á vez ascendente.

Propoñemos as seguintes medidas que se poderían adoptar en función das necesidades:

Organizativas

Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

- a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.
- b) Espazos diferenciados.
- c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.
- ¿ Desdoblamento de grupos.
- ¿ Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.

Curriculares

Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.

Programa específico para alumnado repetidor da materia.

Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

Tomaranse medidas de atención personalizada nos seguintes casos:

para os alumnos que teñan o inglés pendente de superar do curso anterior.

para alumnos que non promocionaron e repiten curso.

para alumnos con necesidades educativas especiais (TDAH, Asperger, autismo, discapacidade intelectual...) ou con problemas de conducta.

Para alumnos con desfase curricular ou problemas de comunicación por proceder do estranxeiro.

para todo o alumnado que, a través da avaliación continua, demostra que non progresa adecuadamente.

para todos aqueles alumnos que nun momento dado presenten unha dificultade de aprendizaxe.

Para alumnos que amosen unha alta competencia na lingua inglesa e necesiten tarefas que supoñan un avance na aprendizaxe da lingua.

Cada profesor incorporará actividades específicas que permitan a adquisición de aprendizaxes a distinto nivel.

Esta atención á diversidade para alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe así como para outros que amosan gran facilidade cara á materia faríase principalmente a través de distintos tipos de materiais curriculares

Actividades opcionais de extensión e revisión, material complementario para afianzar e ampliar os contidos presentados previamente,

actividades destinadas, principalmente, para aqueles alumnos aos que lles costa seguir o ritmo da clase, actividades para alumnos máis avantaxados que acaban as actividades antes que o resto da clase.

Actividades de autocorrección en páxinas web

Páxinas web con vídeos e actividades para revisar.

Actividades de reforzo na aula virtual para alumnado con inglés pendente .

Orde 8 de setembro de 2021, en coordinación co titor e o departamento de orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual			X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X					X	
ET.6 - A igualdade de xénero				X			
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde			X		X		
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial						X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico				X		X	

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
sesión de teatro ou cine en inglés	o alumnado terá a oportunidade de disfrutar dalgunha actuación en inglés			X

Observacións:

Non hai observacións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Actividades de coñecemento previo
Emprego distintos procedementos de avaliación en función do alumnado
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo actividades
Aplico estratexias metodolóxicas segundo as necesidades do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais dixitais de apoio nas explicacions e nas actividades
Presento actividades individuais e grupais.
Incorporo as TICs
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade
Propoño actividades de reforzo
Clima de traballo na aula
Proporciono información ao alumnado para as actividades e proxectos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e as familias dos progresos e dificultades

Descrición:

Profesorado e alumnado responderán un cuestionario con indicadores para avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe co grao de consecución:

Sempre
 Ás veces
 Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación non se considera un documento cerrado polo que debe avaliarse regularmente. Esta Avaliación terá como meta acadar os seguintes obxectivos:

- Mellorar a nosa formación como docentes
- Fomentar a coordinación e cooperación entre o profesorado
- Reforzar as medidas relativas á atención á diversidade

- Avaliar os procesos de ensinanza-aprendizaxe

A devandita avaliación realizarase principalmente ao remate do presente ano académico cando se elabore a correspondente Memoria de Fin de Curso por parte dos membros do Departamento de Inglés. Ese documento deberá contemplar os seguintes aspectos:

- Grado de cumprimento dos obxectivos marcados na programación
- Dificultades atopadas
- Aspectos que influiron nesas dificultades
- Aspectos que se deberán modificar e mellorar
- Propostas de cambios que se consideran necesario

Nas reunións semanais do departamento e nas trimestrais valorarase o proceso ensino-aprendizaxe, o ritmo e as posibles causas que dificulten o progreso.

O seguimento da programación farase a través de PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora)

9. Outros apartados